Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 3669, 10/PPLC-000002)

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 2 de maio de 2017, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego; é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades

galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e de xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes desde o punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cable». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlanse a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da rede do Estado.

Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións e os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. *Transferencia da AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei orgánica, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, actualización e supresión de tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios, ou de addendas aos actuais, para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo, respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9, as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso de servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, que se instrumentará mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017
Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión
Antón Sánchez García
Secretario da Comisión

Texto para Pleno

PROPOSICIÓN DE LEI, PARA REMITIR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS, ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Proposición de lei: BOPG núm. 53, do 26.01.2017
Informe da Ponencia: BOPG núm. 102, f-2, do 21.04.2017
Ditame da Comisión: BOPG núm.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 1. *Transferencia da AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei orgánica, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, actualización e supresión de tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios, ou de addendas aos actuais, para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo, respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9, as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Traspaso de servizos*
O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, que se instrumentará mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira .
O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda .
Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira .
O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira única .
Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos .

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego; é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e de xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes desde o punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cable». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlanse a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da rede do Estado.
Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións e os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

3. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 8427(10/CPP-000019)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre o previsible impacto do Brexit para o sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 ABR. 2017
SAIDA
Num. 523

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 ABR. 2017
Núm. 8427

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar **"sobre o previsible impacto do Brexit para o sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova coxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto".**

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS · PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 8469(10/MOC-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.° 6212, publicada no BOPG n.° 84, do 16.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:45
Nº Rexistro: 8469
Data envio: 28/04/2017 16:45:29.737

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 25 de abril de 2017 sobre a política do Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais (doc. núm. 6212).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un estudo sobre as subvencións, axudas, convenios e demais achegas outorgadas dende a Xunta de Galicia, ou calquera entidade instrumental da Administración autonómica para as entidades locais dende o ano 2010 ata a actualidade.

2º) Elaborar un estudo e valoración do custo dos servizos competencia da Xunta de Galicia e que son prestados polas entidades locais e financiados parcialmente mediante transferencias.

3º) Que, á vista dos resultados do estudo anterior, se estableza un financiamento para a estabilización permanente deses servizos.

4º) Suprimir progresivamente as subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais para integralas no Fondo de Cooperación Local.

5º) Crear un fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:45
Nº Rexistro: 8469
Data envio: 28/04/2017 16:45:29.737

6º) Establecer criterios obxectivos e consensuados cos entes locais para o reparto de todas as subvencións, axudas ou achegas de calquera tipo que non poidan ser incluídas no Fondo de Cooperación Local.

7º) Establecer mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia e establecer medidas que reequilibren a dotación anual percibida por cada unha delas.

8ª) Establecer mecanismos que permitan a simplificación e a axilización dos trámites a realizar por parte das entidades locais garantindo a percepción do financiamento establecido no momento da concesión das subvencións, axuda ou achega de calquera tipo, así como no momento da sinatura do Convenio, se for o caso.

Pazo do Parlamento, 27 abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/04/2017 16:25:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 16:26:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 8470(10/MOC-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 3907, publicada no BOPG n.º 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:55
Nº Rexistro: 8470
Data envio: 28/04/2017 16:55:02.197

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 25 de abril de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa transparencia e bo goberno na súa xestión (doc. núm. 3907).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar de forma decidida novas políticas de transparencia, bo goberno e exemplaridade pública que, ao tempo que avancen substancialmente nos instrumentos de información e participación cidadá, incidan de forma contundente na prevención e loita contra a corrupción, no ámbito do sector público autonómico, para o que se propoñen as seguintes medidas:

1ª. Promover as iniciativas lexislativas necesarias para articular un réxime específico de protección das persoas denunciantes de prácticas de corrupción, que ofreza a protección axeitada a traballadores e funcionarios que tendo coñecemento de casos de corrupción ou de fraude, decidan denuncialo. Este sistema de protección deberá garantir:

a) A confidencialidade da identidade da persoa denunciante.

b) A prohibición expresa da remoción ou substitución do cargo ou posto do denunciante durante a substanciación das investigacións.

c) A designación, con atribución dos medios necesarios, de unha oficina específica e de un órgano independente para a tramitación das denuncias, reforzando a estes efectos as competencias do Consello de Contas en materia de prevención da corrupción.

d) Prazos, procedementos e medidas cautelares razoables na tramitación das denuncias.

e) A posibilidade de traslados provisionais da persoa denunciante a outro posto de traballo de similares características durante a tramitación do procedemento.

f) A representación legal do denunciante, de ser precisa.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:55
Nº Rexistro: 8470
Data envio: 28/04/2017 16:55:02.197

2ª. Proceder á regulación da actuación dos *Grupos de presión* ante a Xunta de Galicia e ante o Parlamento de Galicia, co obxecto de reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia da toma de decisións. Esta regulación deberá comprender:

a) A creación de un Rexistro específico de "lobbistas" que terá carácter obrigatorio para toda persoa ou entidade que pretenda exercer influencia de forma organizada.

b) Todo representante público debe de informar de xeito claro dos contactos que manteña, para o que deberá publicar a súa axenda de traballo.

c) Un código ético para a actividade de *lobby*.

d) Un órgano independente deberá xestionar, vixiar o sistema, sancionando os incumprimentos, tanto do sector público coma do privado.

3ª) O axeitado seguimento na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento de Galicia, do cumprimento por parte da Xunta de Galicia dos acordos aprobados pola Cámara.

4ª) Asegurar que nas referencias semanais das reunións do Consello da Xunta se facilite toda a documentación correspondente a cada un dos proxectos ou anteproxectos normativos, acordos ou informes que se presenten, con acceso aos seus textos literais.

5ª) Se regule, mediante a necesaria modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o ámbito material das leis anuais de medidas fiscais e administrativas, que deberán circunscribirse unicamente a aquelas materia de carácter fiscal, financeiro ou económico que teñan relación directa cos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

6ª) Establecer un mecanismo para facer públicas e accesibles, e así garantir a mellor transparencia de información, as seguintes materias:

a) Os datos institucionais, materias tratadas, obxectivos e acordos adoptados nas viaxes ao exterior por parte do Presidente e demais membros da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:55
Nº Rexistro: 8470
Data envio: 28/04/2017 16:55:02.197

b) Os cadros de persoal e relacións de postos de traballo, con especificación dos postos de confianza que estean establecidos, de todos os entes instrumentais do sector público autonómico.

c) Os mecanismos de participación cidadá na elaboración de plans económicos, políticas específicas e sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma.

d) A información sobre cada unha das obras máis importantes de infraestruturas que estean en curso e a máxima información sobre as modificacións e complementarios dos proxectos de obra.

7.- Incorporar as orientacións, directrices e recomendacións da Comisión Europea para a avaliación do risco de fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude na xestión de Fondos estruturais e de investimento europeos, así como no conxunto das compras, investimentos e subvencións con cargo a fondos propios do sector público autonómico.

8.- Promover os *Pactos de integridade* como nova iniciativa de xestión pública para mellorar a transparencia e a participación, e previr a corrupción na contratación pública.

Este mecanismo asegurará a máxima accesibilidade e periodicidade, con explicación metodolóxica de datos, que deberán facilitarse en formatos reutilizables que permitan aos interesados editalos, agregalos, visualizalos ou exportalos a bases de datos.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/04/2017 16:43:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 16:43:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 8486(10/MOC-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.° 4107, publicada no BOPG n.° 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8486
Data envio: 28/04/2017 21:26:30.781

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **4107(10/INT-000150)** debatida na sesión plenaria do 25 de abril de 2017, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas":

1.- Incrementar o Fondo de Avais do IGAPE en 7 M€ (Partida Orzamentaria A1/741A/8900) dado que as garantías financeiras son o principal problema do sector para a súa renovación tecnolóxica e mellora da competitividade. Isto permitiría mobilizar para o sector un mínimo de 140 M€ en préstamos.

2.- Desenvolver convocatorias do Fondo de Avais do IGAPE específicas para os sectores tráctores para a industrialización de Galicia como: Automóbil; Naval; Industrias derivadas dos produtos do sector primario (Pesca, Marisqueo, Agrogandeiras, Madeira, etc.) e outros que se poidan identificar dentro desta categoría.

3.- Incrementar os Préstamos a longo prazo do IGAPE (Partida Orzamentaria A1/741A/ 8310) en 20 M€.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8486
Data envio: 28/04/2017 21:26:30.781

4.- Desenvolver convocatorias dos Préstamos a longo prazo do IGAPE específicas para os sectores tráctores para a industrialización de Galicia como: Automóbil; Naval; Industrias derivadas dos produtos do sector primario (Pesca, Marisqueo, Agrogandeiras, Madeira, etc.) e outros que se poidan identificar dentro desta categoría.

5.- Incrementar as Actuacións de I+D+i da Axencia de Innovación de Galicia en 10 M€ (Partida Orzamentaria A3/561A/7700).

6.- Desenvolver convocatorias dentro das Actuacións de I+D+i da Axencia de Innovación de Galicia específicas para os sectores tráctores para a industrialización de Galicia como: Automóbil; Naval; Industrias derivadas dos produtos do sector primario (Pesca, Marisqueo, Agrogandeiras, Madeira, etc.) e outros que se poidan identificar dentro desta categoría.

7.- Garantir, e desenvolver con tempo todas as convocatorias, que todos os Orzamentos da Axencia de Innovación de Galicia e doutras partidas orzamentarias dirixidas a promoción do I+D+i serán executados ao 100% neste exercicio de 2017 e os seguintes da lexislatura.

8.- Propiciar as estratexias colaborativas, dentro de todas as convocatorias de axudas ao I+D+i, de pequenas e medianas empresas sen ter que contar dentro do pool ou consorcio que opte as mesmas con grandes compañías.

9.- Desenvolver en colaboración coas Universidades Galegas cursos de formación para titulados superiores, específicos nas tecnoloxías mais avanzadas para o desenvolvemento de novos produtos de alta valor engadido, e en concreto nos seguintes ámbitos:

- Condución autónoma.
- Novos materiais.
- Produtos e sistemas para a mellora do confort no automóbil.
- Tecnoloxías e procesos para a implantación das fábricas avanzadas e 4.0.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8486
Data envio: 28/04/2017 21:26:30.781

10.- Desenvolver cursos de formación continúa e de formación profesional no ámbito do traballo con robots (Co-Robots) e nas operacións de programación, axuste, mantemento e seguimento operativo.

11.- Dotar ao IGAPE e a Axencia de Innovación de Galicia de funcionarios ou persoal laboral de alta especialización para a supervisión de que as subvencións, axudas financeiras, avais e outros incentivos son aplicados de maneira rigorosa aos obxectivos marcados nas convocatorias correspondentes.

12.- Suprimir as contratacións con consultoras ou persoal externo aos organismos mencionados no punto anterior para o control das axudas é incentivos descritos no punto 7.

13.- Axilizar os traballos e xestións necesarias con outras administracións para a implementación urxente da "Autopista Marítima do Atlántico" verdadeira porta de saída hacia Europa da produción das industrias do automóbil e de moitas outras industrias.

14.- No mesmo xeito desenvolver o proxecto de transporte por ferrocarril que enlace portos, portos secos, e zonas industriais de Galicia ca rede Europea de transporte.

15.- Proporcionar solo industrial dotado de todas as instalacións, ben comunicado e a prezos competitivos para cubrir as necesidades das empresas, con actuacións diferentes e entre elas e de maneira prioritaria rematar por fin a PLISAN (Plataforma Loxística de Salvaterra As Neves) neste exercicio 2017.

16.- Instar ao Ministerio de Industria a desenvolver en España as axudas, contempladas pola UE, ao consumo industrial de enerxía mediante subvencións ás que constitúan contratos bilaterais para consumir maioritariamente enerxías renovables.

17.- Desenvolver unha estratexia colaborativa na Euroregion, eludindo practicas de competencia desleal, que implique crear un polo poderoso do automóbil que poida atraer moitas máis inversións e axudas europeas compartidas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8486
Data envio: 28/04/2017 21:26:30.781

18.- Desenvolver un Plan Estratéxico, que defina todas as actuacións a emprender, en colaboración con todo o sector de compoñentes, centros tecnolóxicos e todas as institucións relacionadas co automóbil para conseguir a implantación no sur de Galicia dunha nova ensambladora de automóbiles, dando preferencia a proxectos orientados a fabricación de vehículos eléctricos.

19.- Garantir que todas as medidas anteriores se desenvolverán tendo como premisa básica, ineludible e de maior rango a creación, ou como mínimo o mantemento, de emprego e o mantemento das condicións de traballo.

20.- Constituír unha mesa de seguimento de todas estas medidas, e outras que poidan desenvolverse, coa presenza de todo o sector, sindicatos e administracións.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/04/2017 21:19:07

Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 21:19:18

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

5. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 2469(10/PNP-000229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 09:57
Nº Rexistro: 2469
Data envio: 23/12/2016 09:57:00.971

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

No ano 2012, sendo presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy e Ministra de Fomento, Ana Pastor, producíronse varias circunstancias que incrementaron adicionalmente ao previsto na concesión as peaxes da AP-9:

a) Suba do IVA a aplicar aos mesmos do 18 ao 21 %.

b) Aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo que derroga expresamente o artigo 8 do Real Decreto-lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, que establecía unha compensación que a Administración Xeneral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autopistas de peaxe pola perda de ingresos que lles supuxera a baixada nun 7 % das tarifas.

O 26 de decembro de 2012, a Ministra, Ana Pastor, asina un Protocolo coa concesionaria AUDASA, no que ratifica os termos do Real Decreto 1733/2011 e inclúe a gratuidade no retorno das viaxes no tramo Pontevedra-Vigo (ou viceversa) para os usuarios de telepeaxe.

En concreto, autorizábase un incremento anual adicional do 1 % das tarifas, acumulativo, durante vinte anos que entraría en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte ao de remate das obras. E AUDASA comprometíase a:

a) Construír novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela (incluíndo os movementos en dirección sur do enlace de Sigüeiro).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

b) Construír novos carrís no tramo enlace de Cangas-enlace de Teis (ampliación da ponte de Rande).

c) Novas actuacións en A Coruña, Vilaboa e Pontevedra.

O valor dos investimentos asociados aproximaríase aos 400 millóns de euros.

Por outra parte, nos exercicios orzamentarios entre 2008 e 2011 a licitación de obra pública a realizar en Galicia por parte da Administración Xeral do Estado superou en media os 1.100 millóns de euros por ano (datos do SEOPAN). Nos exercicios orzamentarios que van de 2013 a 2016 (este último aínda incompleto) a media apenas supera os 250 millóns de euros por ano, unha cuarta parte do anterior; aínda que tiveramos en conta o exercicio 2012, no que as licitacións procedían de decisión do Goberno anterior, a media apenas superaría os 500 millóns de euros.

Unha vez que a recuperación económica permite impulsar o gasto público, a Administración Xeral do Estado está en condicións de compensar a Galicia polo déficit de investimentos realizados nestes últimos catro anos. E consideramos que un uso adecuado de esa capacidade estaría na asunción por parte do Ministerio de Fomento das obras de ampliación da AP-9, recollidas no Protocolo asinado pola Ministra Ana Pastor, deixando sen efecto a suba compensatoria de peaxes acordada coa concesionaria. Así mesmo, sería conveniente recuperar a bonificación do 7 % suprimida en 2012. Deste xeito as peaxes da AP-9 poderían baixar de xeito inmediato nun 7 % e non terían que subir a partir de 2018 máis que no IPC.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 09:57
Nº Rexistro: 2469
Data envio: 23/12/2016 09:57:00.971

1. Recupere a redución das tarifas suprimida polo Real Decreto-lei 20/2012.

2. Asuma con cargo ao seu orzamento as obras de ampliación da capacidade da AP-9, recollidas no Protocolo asinado pola Ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018."

Pazo do Parlamento, 22 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/12/2016 18:57:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2016 18:57:27

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/12/2016 18:57:33

Noela Blanco Rodríguez na data 22/12/2016 18:57:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2016 18:57:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/12/2016 18:57:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/12/2016 18:58:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2016 18:58:11

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2016 18:58:18

María Luisa Pierres López na data 22/12/2016 18:58:24

Julio Torrado Quintela na data 22/12/2016 18:58:28

María Dolores Toja Suárez na data 22/12/2016 18:58:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/12/2016 18:58:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 09:57
Nº Rexistro: 2469
Data envio: 23/12/2016 09:57:00.971

Grupo Parlamentario

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/12/2016 18:58:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 5002(10/PNP-000420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %

Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Nas últimas décadas a nosa sociedade enfrontouse a profundos cambios sociais, pasando dun país pechado, politicamente conservadora, a unha sociedade máis flexible e tolerante.

De forma paralela, os patróns tradicionais da composición da familia víronse modificados, sobre todo nos derradeiros 25 anos. Entre os principais cambios demográficos, que afectan ao que se coñece como familias monoparentais, poden sinalarse entre outros, o adiamento do matrimonio, o incremento da convivencia, o aumento das taxas de separación e divorcio, ou o incremento de fogares unipersoais.

Derivado das modificacións da estrutura familiar, o aumento de familias monoparentais con fillo/s e/ou filla/s a cargo é unha realidade. Con todo, neste escenario de cambios, ata datas recentes esta tipoloxía de familia non era unha prioridade na axenda das institucións da sociedade pública e civil, debido en moitos casos a que os principios relixiosos e morais reforzaron a tendencia ao confinamento destas familias no espazo privado e facéndoos case invisibles no debate público. Os temas relacionados con esta tipoloxía de familia, principalmente representada por mulleres, estivo practicamente ausente do debate público, porque tradicionalmente as nais solteiras, divorciadas ou separadas foron estigmatizadas e non necesariamente consideradas como un tipo de familia, senón como a consecuencia de decisións egoístas ou erros das persoas adultas que danaban o benestar dos nenos e nenas, mentres as viúvas, pola contra non sufriron esta carga, xa que se consideraron vítimas necesitadas de protección pública.

Con todo, a nosa sociedade madurou, e esta percepción e preocupación está a cambiar, un cambio que debe ir acompañado tamén do deseño de medidas de intervención pública para mellorar a situación destas familias. A vulnerabilidade social das familias monoparentais materializase en termos

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

de privacións materiais, de carencias en alimentación, vestido e calefacción, en problemas de saúde e na precariedade ou a ausencia de emprego. Todas estas situacións contribúen ao proceso de exclusión social que directamente impacta na infancia, incrementando as taxas de pobreza e exclusión infantil, o que pon de manifesto a necesidade de poñer en marcha políticas sociais de familia e infancia a partir do concepto de investimento social, que posibilite o máximo desenvolvemento dos menores desta tipoloxía familiar.

A realidade das familias monoparentais non pode pasar inadvertida, porque foi nas últimas décadas cando se produciu tamén en Galicia, un forte crecemento deste tipo de fogares, que na súa inmensa maioría están formados por unha muller soa cos seus fillos e fillas.

Segundo datos do IGE, en Galicia pasamos de 88.103 fogares monoparentais no 2008, a 103.712 rexistrados a data 31 de decembro de 2015, dos cales case o 80 % están representadas por mulleres.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galegos insta a Xunta de Galicia a tomar as seguintes medidas para as familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %:

1. Incrementar a dedución autonómica no Imposto sobre Renda das Persoas Físicas aplicable sobre a conta íntegra autonómica equiparándoa ao máximo de dedución fiscal que teñen as familias numerosas de categoría especial:
    a. Poderán recibila a declarante cuxa suma das bases impoñibles, xeral e de aforro, non supere os 24.000 euros, incrementándose nun 15 % por cada fillo menor ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %.
2. Desenvolver un programa de garantía de ingresos para aquelas familias con ingresos brutos anuais inferiores aos 12.000 euros para proporcionarlles unha renda que lles permita afrontar as necesidades máis básicas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

3. Considerar a estas familias en situación de vulnerabilidade, como un colectivo prioritario cando o proxenitor estea en situación de desemprego para facilitar a súa inserción no mercado laboral, co fin de equiparar os seus dereitos aos das familias biparentais sen ingresos.
4. Establecer medidas de atención prioritaria para o acceso á vivenda de familias monoparentais con fillos a cargo ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %, en situación de vulnerabilidade e considerar a estas familias como prioritarias na concesión da axudas de aluguer.
5. Recoñecer descontos no transporte aos membros das familias monoparentais con fillos a cargo ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %, similares aos previstos para as familias numerosas.
6. Reducir para as familias monoparentais as taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da Administración da Xunta de Galicia.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Modificar a lexislación relativa ás familias numerosas, ao obxecto de que as familias monomarentais-monoparentais con dous fillos, a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 % sexan consideradas familias numerosas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

2. Adoptar as medidas necesarias para a progresiva equiparación dos dereitos das familias monomarentais-monoparentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %: e os das familias numerosas, analizando e equiparando os beneficios que poidan compartir unhas e outras.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 16:18:15

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 16:18:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 16:18:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 6824(10/PNP-000604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6824
Data envio: 20/03/2017 17:48:05.476

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a Lei do libro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei do libro e a lectura de Galicia, foi aprobada por unanimidade polo Parlamento galego en decembro de 2006 e publicada no DOGA o 10 de xaneiro de 2007.

A lectura en galego, recoñecida na súa dimensión de ben cultural, económico e social, debe desenvolver o carácter estratéxico das nosas letras, entre outras achegas, polo seu papel fundamental na normalización cultural e social do noso idioma.

O número de editoriais en Galicia vén experimentando un descenso continuado dende o 2010. A Asociación Galega de Editoras, fundada en 1983, representa hoxe, coas súas 34 empresas asociadas, a práctica totalidade da industria editorial de Galicia. O falar non ten cancelas. Precisamos faíscas de lucidez e que se cumpra a lei, necesitamos vibracións poéticas ou pensamentos fosforescentes.

Abrir un libro de narrativa, poesía, teatro, ensaio, de texto… é abrir unha porta, unha ventá a un mundo que pode conter inmensidades. Xermolamos e sensorializamos coa linguaxe. Os libros permiten o activismo do sentir e do pensar. "A literatura, como o ensaio creativo, poden reflectir e loitar a realidade,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6824
Data envio: 20/03/2017 17:48:05.476

pero tamén crean outra realidade... o libro é un mundo e ese mundo contén unha natureza". Compartimos a idea de que todo o que se escribe e se le compromete.

A "política cultural deste goberno" é desafortunada, máis ben embiste contra a cultura. Gábase no falar do que fai, di que podemos dar pasos cara xalundes, a cultura vai.! Esa é a maneira satisfeita na que se expresan. "Revolución silenciosa" da privatización e a especulación. Arremete sen escoitar, cos disfraces da verdade. A Cultura vese agredida. Os libros en galego son amigos, pero o desleixo gubernamental afoga a necesidade de comunicación con recortes de ata o 80% dende o 2008 nos orzamentos destinados á dotación de Bibliotecas públicas en Galicia.

Que se edita en galego? Analizando as cifras do ISBN por subsectores, vemos que as obras de creación literaria ou as infanto-xuvenís mantiveron nos últimos anos os seus números, cunha tendencia á baixa no caso da LIX. Os libros de texto tamén tenden a caer, con grandes diferenzas entre uns e outros anos. As que máis caeron son as obras de ciencias sociais e humanidades e as científico-técnicas. Non é por casualidade. Perdemos máis e máis lectores e lectoras. Perdemos máis e máis falantes.

As traducións, pola súa banda, presentan tamén rexistros negativos**.** As axudas mínimas á tradución, impiden calquera aposta por trasladar os nosos contidos a outras culturas ou viceversa. Tamén se reduciron as obras editadas noutras linguas españolas traducidas do galego. O Instituto Galego de Estatística dános unhas cifras xerais significativas, publicadas en febreiro de 2016: o sector cultural galego no su conxunto supón no noso país o 2% do PIB e un 3% de emprego, cifras próximas ás doutros sectores clave da economía galega como son o da pesca ou o da fabricación de automóbiles e compoñentes. Perdemos máis e máis empregos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6824
Data envio: 20/03/2017 17:48:05.476

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A norma nunca se aplicou. Pasaron dez anos e (entre moitos dos artigos que non se cumpriron), tería que terse organizado e creado o Consello asesor (capítulo 5), como "organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración autonómica no referente ás políticas relacionadas co sector do libro galego e do fomento da lectura en Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a crear o Consello Asesor do Libro.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/03/2017 17:47:05

Luca Chao Pérez na data 20/03/2017 17:47:15

Luis Villares Naveira na data 20/03/2017 17:47:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 7051(10/PNP-000628)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 11 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 13:15
Nº Rexistro: 7051
Data envio: 24/03/2017 13:15:51.607

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz, Daniel Vega Pérez, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Gonzalo Trénor López, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A incorporación de agricultores mozos ó desenrolo de actividades económicas no rural é unha das principais preocupacións da Consellería de Medio Rural. Faise necesario apoiar esta incorporación mediante axudas que se convocan con periodicidade anual e dentro das medidas previstas no Plan de Desenvolvemento Rural.

Estas axudas conlevan determinadas obrigas por parte dos beneficiarios, de maneira particular a de permanecer na actividade agraria durante un período mínimo de 5 anos.

Por outra banda, a subvención percibida tense que imputar como ingreso no IRPF do agricultor mozo, tendo a cualificación de rendemento da actividade económica. A súa imputación temporal faise seguindo os criterios xerais, segundo se cualifique como subvención de capital ou corrente.

Diferentes consultas vinculantes da Dirección Xeral de Tributos cualifican estas subvencións como correntes dado que a finalidade da subvención é financiar uns ingresos mínimos do mozo o principio da súa actividade. Con esta cualificación a subvención imputase como ingreso no ano da concesión, ou no de cobro da mesma se o mozo opta polo criterio do cobro.

Na nosa consideración, a cualificación da subvención como corrente supón un prexuízo claro para os mozos, pois teñen que facer fronte á totalidade do imposto no primeiro ano da súa actividade, precisamente cando máis falta lle fai ter liquidez. Inda no caso de que a subvención se dera para asegurar uns ingresos mínimos, a súa finalidade

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 13:15
Nº Rexistro: 7051
Data envio: 24/03/2017 13:15:51.607

debería de conlevar que a súa imputación se fixese por partes iguales e nun período de cinco anos en lugar de imputala na súa totalidade no primeiro ano de actividade.

Nos casos nos que a incorporación se produce a través dunha entidade, ben sexa sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, dáse o paradoxo de que a subvención tena que imputar o mozo no seu IRPF, xa que é o beneficiario, pero a amortización dos bens faise na entidade na que participa, segundo o criterio emanado das consultas da Dirección Xeral de Tributos. Nestes casos o criterio é imputar a totalidade de subvención no IRPF do mozo no exercicio no que se comunique a concesión da axuda ou no que sexa exixible o pago da mesma, se é posterior ,e considerala como unha ganancia patrimonial do mozo a integrar na parte xeral da base impoñible.

Sen negar a tributación destas subvencións, consideramos que esta debe de repartirse nun período mínimo de cinco anos e nunca imputarse na súa totalidade no primeiro ano, evitando así unha carga económica para o agricultor mozo que podería conlevar incluso o seu cese na actividade económica que se pretende fomentar.

Nesta mesma liña consideramos que a imputación da subvención debería de realizarse pola entidade á que se incorpora o mozo cos criterios xerais antes comentados, sen que o mozo soportara a carga impositiva dun ingreso que el non percibe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Ministerio de Hacienda para:

1) Que o período mínimo de imputación das subvencións por incorporación de agricultores mozos, no caso de que tribute no IRPF do mozo, sexa de cinco anos a contar dende o período de incorporación.

2) Para que cando a incorporacións do mozo se faga mediante a súa participación en entidades, o criterio sexa que a subvención percibida se impute na imposición

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 13:15
Nº Rexistro: 7051
Data envio: 24/03/2017 13:15:51.607

da entidade participada e non no IRPF do mozo aplicando os criterios xerais previstos para as subvencións".

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/03/2017 13:13:09

José González Vázquez na data 24/03/2017 13:13:25

Moisés Blanco Paradelo na data 24/03/2017 13:13:33

Raquel Arias Rodríguez na data 24/03/2017 13:13:40

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/03/2017 13:13:47

Carlos Gómez Salgado na data 24/03/2017 13:13:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/03/2017 13:14:04

Daniel Vega Pérez na data 24/03/2017 13:14:12

María Guadalupe Murillo Solís na data 24/03/2017 13:14:22

Paula Prado Del Río na data 24/03/2017 13:14:30

Gonzalo Trenor López na data 24/03/2017 13:14:40

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/03/2017 13:14:48

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/03/2017 13:14:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 7487(10/PNP-000678)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como Patrimonio da Humanidade

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 13:26
Nº Rexistro: 7487
Data envio: 03/04/2017 13:26:38.521

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a arte rupestre galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Se deixamos que nos rouben o legado dos nosos devanceiros/as e que se mutile o coñecemento, non é que deixemos de ser persoas cultivadas: é que as xeracións futuras deixarán de ser persoas en sentido estrito.

Cando se recorta o orzamento para as universidades, as escolas, os teatros, as investigacións arqueolóxicas, as bibliotecas... estase cercenando a excelencia dun país e eliminando calquera posibilidade de formar a toda unha xeración. As reducións propostas no orzamento especial das ciencias, as letras e as artes son doblemente perversas. Son insignificantes desde o punto de vista financeiro e nocivas desde todos os demais puntos de vista.

Dan ganas de pegar saltos ata o ceo e facer nosas as teses que exclaman que nas épocas de crises, é cando hai que dobrar o orzamento para a cultura. Para superar o se deu en chamar *o inverno da conciencia.*

Traemos hoxe aquí unha cuestión que consideramos de especial interese: A ARTE RUPESTRE GALEGA. Ademais temos a convicción de que unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 13:26
Nº Rexistro: 7487
Data envio: 03/04/2017 13:26:38.521

actuación positiva con respecto a este tesouro único que posuímos, pode ter retorno social e económico.

A arte rupestre galega forma, sen dúbida, un dos conxuntos de petróglifos prehistóricos ao aire libre máis importantes de Europa. Pero **parte destes gravados corren un grave risco, non só de deterioro senón de desaparición**, segundo os expertos, ante a ausencia de coidados en materia de limpeza e mantemento que aseguren a súa conservación.

Por iso, unha petición popular dirixida á Xunta e impulsada desde Pontevedra, **insta o goberno galego a iniciar os trámites para conseguir a súa declaración como Patrimonio da Humanidade**, a medida "máis eficaz" para garantir unha supervivencia que está "seriamente ameazada", segundo se recolle no manifesto SOS Arte Rupestre.

Os impulsores desta iniciativa son o **arqueólogo Antonio de la Peña, o historiador Buenaventura Aparicio e o antropólogo Rafael Quintía** que buscan crear un movemento cidadán de "reivindicación e denuncia" ante a situación de "abandono" que sofren estas áreas rupestres por parte de Patrimonio.

Os tres coinciden que **os petróglifos galegos "se poden equiparar" ás covas da cornisa cantábrica ou ás pinturas da zona levantina**, en canto á súa riqueza patrimonial, a súa beleza estética e a súa relevancia histórica, pero atópanse actualmente "desprotexidos" e sen ningún tipo de "salvagarda" .

Así, denuncian que a **proliferación de matogueira e arboredo na súa contorna** deixan aos petróglifos "sen ningunha protección" cando se producen incendios forestais, ao crebarse a pedra polas altas temperaturas. Ademais, citan as **obras "incontroladas" ou os traballos no monte que se realizan sen adoptar "medidas preventivas"** como outros dos riscos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 13:26
Nº Rexistro: 7487
Data envio: 03/04/2017 13:26:38.521

Estes tres expertos denuncian que unha parte "considerable" deste patrimonio rupestre atópase en perigo e **puxeron o exemplo da emblemática Pedra das Ferraduras de Campo Lameiro**, á que cualifican como un dos dez monumentos máis importantes de Galicia, e que a pesar do seu valor "incalculable" atópase "totalmente abandonado".

Ademais, lembran que **a Xunta de Galicia "nin sequera" elaborou un catálogo oficial** que recolla a existencia de todos os petróglifos que se conservan en Galicia, un "desleixo" que afecta a unha das manifestación artísticas "máis valiosa" da humanidade.

Entenden que a declaración de Patrimonio da Humanidade -que xa teñen as pinturas e gravados cantábricos e levantinos- serviría "para que veña xente de todo o mundo a visitalos" e as administracións aposten pola súa conservación, polo seu estudo e pola súa divulgación, tarefas que actualmente realizan tanto colectivos e asociacións como afeccionados a título particular e de forma desinteresada.

Aceptamos a idea de que fomentar a cultura é influír de xeito positivo no desenvolvemento da sociedade. Malia todo, ao Partido Popular semella que lle dá por pensar que investir en cultura non é economicamente rendible e, por se iso fose cousa de pouco, non é posible saber cal son os seus beneficios sociais dunha maneira exacta. Cremos que están equivocados e imos explicar por que.

Hai persoas e empresas adicadas ao estudo das repercusións económicas e sociais do investimento cultural. Tiramos algunhas das súas conclusións:

Nun estado como España, o sector cultural contribúe co 3,4% do PIB e é responsable do 2,8% do emprego directo total. A aportación económica da cultura é superior á dos sectores como o da agricultura, gandeiría e pesca, que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 13:26
Nº Rexistro: 7487
Data envio: 03/04/2017 13:26:38.521

xeran o 2,5% do PIB, as telecomunicación cun 1,7% e o "amado" futbol, con outro 1,7%.

É moi complicado avaliar os efectos sociais do investimento en cultura a curto prazo pero, cun histórico de datos (ou conxunto de control) sobradamente grande para cruzalo con outras variables, podemos inferir que, o investimento en cultura crea emprego indirecto e inducido moi útil para que as empresas continúen coa súa actividade-investimento, elevando os niveis educativos ou rebaixando a taxa de delincuencia. Comprobouse, tamén que un incremento do investimento en cultura reduce a débeda viva dos municipios

Por poñer un exemplo que nunha cidade cuxa economía virou da industria pesada á cultura e os servizos, e segundo di Fierro, por cada posto de traballo [cultural] directo que creou o concello, xeráronse nove inducidos. E nun estudo sobre a repercusión das actividades culturais de magnitude media que se realizaban durante todo o ano na citada cidade, chegaron á conclusión de que alí existe unha correlación entre variables indicativas de desenvolvemento cultural e social, como o asociacionismo, a paridade laboral entre homes e mulleres, a inmigración e a calidade de vida.

Lendo sobre este asunto, unha pregúntase que ocorrería se estes estudos de cultumetría se xeneralizasen e aplicásemos as súas leccións en cada provincia do noso país. Quizá así seriamos verdadeiramente conscientes do ben que nos fai a todos o fomento da cultura.

E por todo isto que o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para acadar a Declaración da arte rupestre galega como Patrimonio da Humanidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 13:26
Nº Rexistro: 7487
Data envio: 03/04/2017 13:26:38.521

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2017 13:22:46

Luca Chao Pérez na data 03/04/2017 13:23:48

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 13:23:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 7707(10/PNP-000703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envio: 06/04/2017 16:20:40.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos orzamentos xerais do Estado para 2017.

O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos.

Nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Estes orzamentos son inasumíbeis como galegas e galegas e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envio: 06/04/2017 16:20:40.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías ou a creación de emprego.

En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación.

Son uns orzamentos totalmente *incríbeis* en termos recaudatorios posto que prevén uns ingresos de 200.963 millóns de euros, máis que en 2007 antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento as exportacións e a subida de prezos.

A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda pública, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do PP a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% do PIB en 2017.

Entre as prioridades do PP: aumenta o gasto militar, -hai que facerlle caso a Trump a aportar máis a OTAN-, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envio: 06/04/2017 16:20:40.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución trasladarlle ao Congreso das e dos Deputados e ao Goberno Central o rexeitamento ao proxecto de orzamentos do Estado para 2017 polo recortazo nas inversión na Galiza e polos recortes socias que presentan."

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2017 16:19:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envio: 06/04/2017 16:20:40.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2017 16:20:01

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2017 16:20:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2017 16:20:09

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2017 16:20:13

Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2017 16:20:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 7796(10/PNP-000715)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7796
Data envio: 07/04/2017 14:54:38.763

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández,** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O tamaño dos grandes buques mercantes impresiona tanto como os seus números. Con tamaños que xa alcanzan nas súas versións máis modernas ata os 400 metros de longo, os seus niveis de contaminación non lle van á zaga en grandiosidade: un só destes barcos pode emitir nun ano o equivalente a 50 millóns de coches en óxido de xofre (SOx). Dito doutro xeito, 16 destes barcos emiten tanto SOx como todo o parque automobilístico mundial, cifrado en 800 millóns de vehículos. O problema é que hai centenares de barcos faenando ao longo de todo o planeta.

Neste contexto, a industria marítima leva tempo buscando alternativas ao uso do cru e os seus derivados como fonte de enerxía sustentable. Con todo, o gas natural licuado (GNL) eríxese como a mellor opción, por que a diferenza do resto, ten décadas de investigación detrás, é segura e a súa implantación non require de grandes investimentos en equipos, infraestruturas ou motores. Ademais, ten custos competitivos respecto das alternativas baseadas en derivados do petróleo.

A Comisión Europea seleccionou o proxecto 'CORE LNGas hive' para impulsar o uso do GNL como combustible habitual no transporte marítimo. A iniciativa benefíciase por tanto das axudas do mecanismo 'Conectar Europa' para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e recibirá fondos europeos por valor de 16,65 millóns de euros.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7796
Data envio: 07/04/2017 14:54:38.763

"CORE LNGas hive", cuxo investimento total é de 33,3 millóns de euros, está promovido por Portos do Estado e coordinado por Enagás, conta con 42 socios de España e Portugal. Ata 2020, o obxectivo é desenvolver unha cadea loxística integrada, segura e eficiente na Península Ibérica para a subministración do gas natural licuado como combustible no sector transporte, especialmente o marítimo.

Neste contexto xorde en 2013 o proxecto "Hub de GNL no Noroeste da Península Ibérica", promovido pola Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao , Navantia e Reganosa. Está apoiado e financiado pola Comisión Europea no marco do programa TEN-T.

Na actualidade Reganosa xa conta co deseño dos medios, infraestruturas e procedementos necesarios para subministrar GNL como combustible tanto a buques que naveguen polo corredor Atlántico, como a plantas satélites nos portos e costas próximas.

Por tanto o obxectivo é o establecemento dun hub de GNL no Noroeste da Península Ibérica para contribuír ao desenvolvemento dun transporte sustentable e eficiente a través do uso de GNL como combustible, que sen dúbida contribuirá á mellora ambiental e económica en Europa do transporte.

Por todo iso é polo que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7796
Data envio: 07/04/2017 14:54:38.763

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a planificar actuacións que favorezan o impulso dun Hub de GNL e que Reganosa adapte as súas infraestruturas e despregue as instalacións que fosen necesarias para conseguir o desenvolvemento loxístico e comercial que permita aos portos galegos prestar servizos de abastecemento small scale e bunkering de GNL".

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/04/2017 14:48:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/04/2017 14:48:42

Moisés Blanco Paradelo na data 07/04/2017 14:48:49

Maria Antón Vilasánchez na data 07/04/2017 14:48:56

María Isabel Novo Fariña na data 07/04/2017 14:49:04

Marta Novoa Iglesias na data 07/04/2017 14:49:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/04/2017 14:49:19

Sandra Vázquez Dominguez na data 07/04/2017 14:49:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 7941(10/PNP-000729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 7941
Data envio: 12/04/2017 17:29:51.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á rexeneración da Ría do Burgo.

A Ría do Burgo é un ecosistema de grande valor ambiental, mais que sofre as consecuencias dunha grande presión urbana e contaminación, que fan urxente actuacións para a súa rexeneración integral. Diferentes colectivos vimos reclamando, desde hai décadas, unha actuación completa que permita recuperar todo o valor ambiental, social e económico desta ría. Froito deste traballo e presión social e política, o pasado 11 de decembro de 2015 foi sometido a exposición pública o Proxecto "Dragado ambiental dos sedimentos da Ría do Burgo" elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente.

Diversas entidades presentaron alegacións reclamando que o proxecto de dragado vaia acompañado duha dotación orzamentaria e un calendario de actuacións precisos e suficientes para a súa execución.

Estas entidades, agrupadas na Mesa da Ría do Burgo constituída pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en defensa da Ría do Burgo, a Universidade da Coruña e os Concellos de Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros, formulan entre as súas reclamacións:

1. A paralización do marisqueo durante a execución do dragado ante a posibilidade de que o dragado dos lodos mobilice sustancias contaminantes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 7941
Data envio: 12/04/2017 17:29:51.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se podan disolver na auga do contorno próximo aos traballos de descontaminación. Esta paralización da actividade marisqueira ten que ir acompañada de compensacións polas perdas económicas.

2. Solicitan un plan de vixilancia que inclúa o control exhaustivo, periódico e transparente da calidade das augas, a estanqueidade dos recintos de confinamento dos lodos e a evolución das poboacións de flora e fauna asentadas na ría e na súa contorna. Estas medidas son necesarias para vixiar a xestión do material clasificado de categoría IIIa e II con toxicidade positiva. Este material será confinado nos dous recintos habilitados, recinto Norte (Oleiros) e recinto Sur (Culleredo). O confinamento do material nestes recintos realizarase mediante xeotubos colocados no interior dos mesmos que recibirán o material dragado. A coroación deste confinamento servirá para ampliar o paseo marítimo existente.

3. A constitución, con carácter previo ao inicio do dragado, dunha Comisión de Seguimento na que estean representadas as distintas administracións (Ministerio de Medio Ambiente, Xunta de Galiza e concellos ribeiráns), a Universidade da Coruña e os axentes implicados.

4. Finalmente, a rexeneración da Ría do Burgo debe ser un proxecto integral, no que o dragado é só unha parte, impulsando un plan de conservación e rexeneración ambiental que permita recuperar os seus valores medioambientais e o seu potencial produtivo. Cómpre lembrar que nos anos oitenta a ría daba traballo a dous mil mariscadores e mariscadoras mentres hoxe a súa capacidade produtiva apenas chega ao 20% e emprega a menos de cen persoas en actividades extractivas. A rexeneración da ría debe contemplar medidas de protección ao ecosistema durante o dragado e con posterioridade ao mesmo, unha restauración ambiental que desemboque na creación dun

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 7941
Data envio: 12/04/2017 17:29:51.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corredor ecolóxico entre o encoro de Cecebre e o mar e un plan de usos que ordene os diferentes usos da ría que permita un uso sostíbel da mesma e o mantemento das funcións ecolóxica, económica e social do espazo.

Porén a día de hoxe, as actuacións de dragado da ría seguen en punto morto e a pesar da promesas de que 2017 sería o ano de inicio das obras do dragado, todo está paralizado. O estado leva meses sen responder as alegacións. O colofón, deste despropósito, son os orzamentos do estado que só recollen un millón de euros, para 2017 nun proxecto que ronda os 50 millóns de euros de investimentos.

Coa finalidade de darlle un impulso á rexeneración da Ría do Burgo o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para debate en Pleno, relativa á rexeneración da Ría do Burgo:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes medidas relativas á rexeneración da Ría do Burgo:

1. Reclamar ao goberno do estado que se axilice a tramitación deste proxecto para que se podan iniciar as obras de dragado en 2017.

2. Demandar que en relación co proxecto de dragado da ría do burgo se adopten as seguintes actuacións:

a. Medidas de protección ao ecosistema durante o dragado e con posterioridade ao mesmo.

b. Un plan de vixilancia que inclúa o control exhaustivo, periódico e transparente da calidade das augas, a estanqueidade dos recintos de confinamento dos lodos e a evolución das poboacións de flora e fauna asentadas na Ría e na súa contorna.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 7941
Data envio: 12/04/2017 17:29:51.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c. A constitución dunha Comisión de Seguimento integrada por representantes das distintas administracións, a Universidade da Coruña e axentes implicados.

d. O establecemento de axudas para compensar aos/ás mariscadores/as durante o período de inactividade.

e. Impulsar unha restauración ambiental integral que desemboque na creación dun corredor ecolóxico entre o encoro de Cecebre e o mar.

f. Impulsar un plan de usos e xestión que ordene os diferentes usos da ría que permita un uso sostíbel da mesma e o mantemento das funcións ecolóxica, económica e social do espazo."

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 7941
Data envio: 12/04/2017 17:29:51.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2017 17:28:25

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2017 17:28:30

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2017 17:28:34

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2017 17:28:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2017 17:28:40

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2017 17:28:41

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 2459(10/INT-000094)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos sobre a pobreza infantil

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 11:50
Nº Rexistro: 2459
Data envio: 22/12/2016 11:50:37.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN,** sobre o aumento da pobreza infantil en Galicia.

De acordo co último informe elaborado pola Rede europea de loita contra a pobreza e a exclusión social no estado español (EAPN), no último ano a taxa de Pobreza e exclusión social da Unión Europea (AROPE) aumentou en Galicia en tódolos tramos de idade, ao contrario que a tendencia estatal que se mantivo ou diminuíu en moitos tramos.

En Galicia, o **empeoramento agrávase especialmente co 37,8%, da mocidade** (16 a 29 anos) e co 27,6% das nosas nenas e nenos. No primeiro caso a taxa **crece 3,9 puntos, e no caso da pobreza infantil 7,3 puntos. O que se traduce nuns 100.000 nenos e nenas en risco de pobreza.**

Na mesma liña véñense manifestando organización como Cáritas, OXFAM ou UNICEF que alertan das consecuencias da situación económica e os recortes en partidas sociais sobre o benestar da infancia, así como pola carencia de políticas de protección á infancia frecuentes en países do noso entorno.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

Como valora o goberno galego os datos de pobreza infantil?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 11:50
Nº Rexistro: 2459
Data envio: 22/12/2016 11:50:37.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/12/2016 11:50:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 5481(10/INT-000215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:06
Nº Rexistro: 5481
Data envio: 22/02/2017 10:06:17.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sinalou con motivo do Día da Lingua Materna que o goberno galego prepara un plan para promover o uso do galego entre a mocidade toda vez que, asegurou en declaracións recollidas polos medios de comunicación, a Xunta ten detectado "carencias" no uso do idioma propio do país entre as faixas de idade máis novas.

Segundo o estudo publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2013 sobre coñecemento e uso da lingua galega tan só o 18,35% das crianzas entre 5 e 14 anos aprenderon a falar só en galego. A cifra en 2003 era do 32,43% o que reflicte unha importante queda en apenas unha década. Fronte a iso, o 45,49% comezou a falar en castelán e un 31,46% nos dous idiomas por igual.

A fiabilidade das cifras reflíctese no propio estudo que sitúa a lingua empregada por pais e nais coas súas crianzas no 18,52% *sempre* en galego. Pola contra, o 38,57% dos pais e nais fálalles *sempre* en castelán e outro 21,57% usa *máis* o castelán que o galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:06
Nº Rexistro: 5481
Data envio: 22/02/2017 10:06:17.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos a seguinte Interpelación:

1. En que consiste o plan anunciado polo conselleiro? Está a ser consensuado cos axentes sociais implicados na normalización lingüística?

2. Que medidas prevé iniciar para promover o uso do galego entre a mocidade e con que planificación temporal foi deseñado? Con que dotación económica conta?

3. Prevé o Goberno galego adoptar algunha medida no ensino regrado (obrigatorio e universitario) para contribuír á normalización de usos do galego entre as faixas de idade máis novas?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:06
Nº Rexistro: 5481
Data envio: 22/02/2017 10:06:17.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 10:04:32

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 10:04:36

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 10:04:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 10:04:45

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 10:04:49

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 10:04:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 8077(10/INT-000341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais e a súa desestacionalización

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8077
Data envio: 19/04/2017 11:08:02.587

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, elabora cada ano unha lista dos maiores incendios, nas que por desgraza Galicia sempre ocupa unha posición destacada. En total no ano 2016 foron arredor de 21.112 hectáreas as que arderon na nosa comunidade, practicamente un 78 % máis ca no ano 2015, e dez veces máis cas arrasadas en 2014.

O pasado ano acaparamos un terzo das referencias, e dos 22 incendios forestais que superaron o limiar máis elevado en toda España, oito localizáronse na nosa comunidade: tres na Coruña, un en Pontevedra e catro en Ourense, a provincia peor parada. Segundo datos oficiais do Magrama, máis da metade das 21.000 hectáreas queimadas en Galicia durante o ano 2016, case 11.400 situáronse na provincia de Ourense, que concentrou catro dos oito grandes incendios forestais dese ano, os superiores a 500 hectáreas. Neses catro episodios, en Entrimo, Cualedro, Oímbra e Muíños, arderon 6.698 hectáreas.

As causas son varias e os lumes xa non só son cousa do verán. O inicio deste 2017 foi unha boa mostra desa desestacionalización dos incendios, xa que tras un inverno no que só en Ourense arderon unhas 400 hectáreas de monte, en xaneiro a media foi de catro lumes o día. As temperaturas atípicas para esta época do ano e a falta de choivas forman parte das causas naturais, pero tamén están as intencionadas.

Nun contexto no que só nunha fin de semana tres municipios da provincia de Ourense rexistraron incendios que suman máis de 150 hectáreas queimadas, dende o 10 de abril e "ata novo aviso" o Goberno galego decidiu prohibir as queimas agrícolas e forestais controladas por mor da previsión de altas temperaturas e fortes ventos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8077
Data envio: 19/04/2017 11:08:02.587

Os medios que anuncia a Xunta de Galicia para previr e loitar contra esta lacra, ou son escasos ou teñen pouca efectividade, ou ambas as cousas á vez por falta de coordinación ou planificación. Así, o persoal segue reclamando estabilidade laboral, un mando único, a preponderancia do público sobre as empresas privadas do sector, e unha adaptación á "desestacionalización" do lume, tendo en conta que os outonos e invernos con poucas precipitacións viñeron traendo consigo incendios de relevancia fóra da habitual tempada de risco.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cantas foron, segundo datos do Goberno galego, o número de hectáreas calcinadas polas lapas na provincia de Ourense no que vai de ano?

2ª) A respecto do ano 2015, cal foi a evolución durante os meses de inverno (incremento ou diminución) do número de hectáreas afectadas polo lume na provincia de Ourense?

3ª) Á vista dos datos, considera a Xunta de Galicia que se están incrementando durante os meses de inverno o número de incendios na provincia de Ourense?

4ª En caso afirmativo, cales poden ser as causas desta desestacionalización dos lumes?

5ª) Tendo en conta o fenómeno de desestacionalización dos lumes, a necesaria toma de medidas de prevención durante os meses de inverno, e a alta incidencia dos lumes na provincia de Ourense, ten previsto o Goberno galego mellorar a estabilidade laboral do persoal, dedicado á prevención e extinción de incendios neste territorio?

6ª) Tendo en conta o fenómeno de desestacionalización dos lumes, a necesaria toma de medidas de prevención durante os meses de inverno, e a alta incidencia dos lumes na provincia de Ourense, ten previsto o Goberno galego incrementar o número de efectivos dedicado á prevención e extinción de incendios nese

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8077
Data envio: 19/04/2017 11:08:02.587

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

territorio?

7ª) Que medidas preventivas puxo en marcha a Xunta de Galicia durante este pasado inverno nas áreas con protección medioambiental da provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2017 10:44:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/04/2017 10:44:18

Raúl Fernández Fernández na data 19/04/2017 10:44:26

María Luisa Pierres López na data 19/04/2017 10:44:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 8466(10/POPX-000031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación social e política de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8466
Data envio: 28/04/2017 16:30:06.741

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

"Como valora a situación social e política do noso país?"

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 16:28:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 8485(10/POPX-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa referidos ao comportamento do mercado laboral en Galicia, coñecidos recentemente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8485
Data envio: 28/04/2017 19:09:48.848

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que avaliación lle merecen os datos sobre o comportamento do mercado laboral en Galicia (EPA) coñecidas recentemente?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 19:07:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 8488(10/POPX-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da redución do número de persoas galego falantes e da situación na que se atopa a lingua galega

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8488
Data envio: 28/04/2017 21:27:17.828

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Que vai facer o Goberno perante a redución de galego falantes e a situación na que se atopa o noso idioma?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 21:12:18

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.05.2017 Hora: 10:00

Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 8467(10/PUP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a posición do Goberno galego respecto do actual marco legal e o sistema de financiamento local

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:38
Nº Rexistro: 8467
Data envio: 28/04/2017 16:38:57.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á posición do Goberno galego sobre o actual marco legal e o sistema de financiamento local.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación que existe nas administracións locais a respecto do sistema de financiamento local.

Exposición de motivos

A Federación Galega de Municipios e Provincias vén de presentar o documento "As 100 demandas da FEGAMP", elaborado pola comisión de Facenda do organismo. Segundo os datos recollidos, nos que se analizan os resultados do reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) no período 2004-2015, e no que se calcula o diferencial negativo das contías percibidas a respecto da media estatal cuantificado en euros por habitante, os concellos galegos ingresaron 1.400 millóns de euros menos.

Como exemplo, na última entrega a conta da PIE correspondente ao ano 2015, os municipios de Galiza percibiron o 5% do mantante global malia contar co 6,25% da poboación (das comunidades autónomas de rexime común), discriminación que se leva

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:38
Nº Rexistro: 8467
Data envio: 28/04/2017 16:38:57.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

producindo ano tras ano desde a entrada em vigor do novo modelo de financiamento local.

O actual modelo de financiamento local baséase no criterio de poboación, primando os concellos de mais de 500.000 habitantes e provocando unha discriminación inadmisibel dos concellos galegos, com implicación directa na prestación de servizos básicos á poboación. A primacía que se lle dá ao criterio poboacional ocasiona que Zaragoza reciba 12,6 millóns de euros máis que os sete concellos de Galiza máis poboados, malia ter 324.983 habitantes menos que as cidades galegas. Situación análoga ocorre com Sevilla (296.058 habitantes menos, recibe 53,1 máis), ou Valencia (203.747 habitantes menos, recibe 87, 3 millóns máis).

Por outra parte, nos últimos 8 anos aprobáronse unha serie de reformas administrativas e políticas, entre elas modificación do artigo 135 da Constitución ou a Lei de racionalización e sostenibilidade da admnistración local, que supuxeron unha mudanza em sentido negativo do marco competencial e financeiro dos concellos.

A maiores, cómpre desenvolver o pacto local galego para establecer con clareza as competencias de cada administración, o financiamento dos servizos, así como criterios obxectivos e transparentes no reparto de fondos autonómicos aos concellos, seguindo os criterios de igualdade e non discriminación. Como obxectivo final debería irse cara ao un modelo de transferencias directas con criterios obxectivos de repartición, e coa conseguinte desaparición das subvencións.

Por todo isto, e dada a crecente preocupación nas administracións locais, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula, a través do deputado asinante, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 16:38
Nº Rexistro: 8467
Data envio: 28/04/2017 16:38:57.060

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a posición do Goberno galego sobre o actual marco legal e o sistema de financiamento local claramente discriminatorio para os concellos galegos?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 16:38:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 7661(10/POP-000993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre as actuacións que se están a levar a cabo para a posta e marcha do Observatorio de Ríos anunciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 17:55
Nº Rexistro: 7661
Data envio: 05/04/2017 17:55:03.498

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado,Jaime Castiñeira Broz,Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar,deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno.**

A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciou o pasado mes de febreiro que unha das liñas estratéxicas para a presente lexislatura será a posta en valor dos ríos galegos.

Neste eido de actuación, avanzouse que se porá en marcha un Observatorio de Ríos, concibido como un órgano consultivo adscrito á Consellería a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Este anuncio coincide co compromiso adquirido polo Partido Popular de Galicia no seu programa electoral, no que se proxectaba un Observatorio coa "*función de revisar as políticas e actuacións que se levan a cabo polas diferentes administracións en relación aos ríos, avaliando dende os aspectos ambientais e ecosistémicos destas ata as medidas de posta en valor social destes espazos naturais*".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte **Pregunta Oral Pleno.**

Que pasos se están a dar para a posta en marcha do Observatorio de Ríos?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 17:55
Nº Rexistro: 7661
Data envio: 05/04/2017 17:55:03.498

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 17:44:04

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 17:44:22

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 17:44:41

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 17:44:52

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 17:45:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 17:45:25

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/04/2017 17:45:37

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 17:46:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 8484(10/PUP-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, incluídas as financeiras, para converter nun vial urbano o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8484
Data envio: 28/04/2017 19:09:32.332

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno polo trámite da urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola inquedanza dos axentes económicos e sociais da cidade de Vigo polas dificultades de circulación tanto de automóbiles de turismo como de vehículos pesados cara o norte da provincia de Pontevedra e do resto de Galicia.

Que actuacións, incluídas as financeiras, ten levado a cabo a Xunta de Galicia para converter nun vial urbano o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/04/2017 19:07:32

Raúl Fernández Fernández na data 28/04/2017 19:07:38

María Luisa Pierres López na data 28/04/2017 19:07:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 7430(10/POP-000969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co desenvolvemento dun plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 13:19
Nº Rexistro: 7430
Data envio: 31/03/2017 13:19:39.691

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodriguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Ordes e a súa comarca abarca unha poboación dunhas 40.000 persoas que viven fundamentalmente dos sectores primario e téxtil.

O sector téxtil nesta comarca contaba no ano 2012 cuns 1.500 empregos, que se foron perdendo paulatinamente, 332 de 2008 a 2012; uns 50 no 2014 co peche de Textilmendo; 120 no ano 2016 co peche de Viriato ,e nestes momentos 103 mulleres atopáronse nun ERE do Grupo Deus cun atraso nos pagos de cinco mensualidades. Estes datos son dos que temos coñecemento polos xornais, sen cuantificar os pequenos talleres que se tiñan artellado ao redor das empresas máis grandes.

A dita destrución de emprego motivada, sobre todo, pola competencia polo prezo, que fixo que os talleres da comarca de Ordes fosen substituídos pola deslocalización no estranxeiro, principalmente en países como Marrocos, Romanía, India ou China; pero tamén pola inexistencia dun plan estratéxico que permitira a súa supervivencia e que actuara con distintas medidas:

1. Medidas de apoio ao financiamento do circulante que eviten o incremento de endebedamento ante a demora nos pagos por parte dos clientes.

2. Bonificacións das cotas á Seguridade Social

3. Medidas que atendan as necesidades de comercialización das empresas do sector.

4. Medidas necesarias para o impulso da produción cooperativa.

5. Medidas de impulso para desenvolver todo o proceso produtivo e non só o que ten un menor valor engadido.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 13:19
Nº Rexistro: 7430
Data envio: 31/03/2017 13:19:39.691

6. Facilitar a participación de empresas galegas nos procesos de compra estratéxica da administración no sector, permitindo que poidan competir en igualdade de condicións cos grandes grupos comerciais.

7. Medidas formativas e de especialización.

Os Socialistas xa manifestamos en reiteradas ocasións que o sector padecía da falla de apoio do Goberno galego, que estaba a permitir a desindustrialización de Galicia, que conta cun sector téxtil composto de pequenos talleres que non poden asumir por si solos o investimento necesario para a súa renovación e modernización, o que se traduce nun empeoramento das condicións laborais e de produción destes talleres, competindo pola vía da miseria e da redución dos custes de produción en lugar de impulsar a industria para sumar valor engadido e acadar unha produción de calidade.

A última nova da que temos coñecemento foi neste mes de marzo, hai uns días, cando as traballadoras do grupo téxtil Deus saíron á rúa para manifestarse e esixir o cobro dos seus salarios, que levaban un atraso de cinco meses, denunciando tamén a intención da empresa de despedir a 103 empregadas, estando tres sociedades do grupo afectadas polo ERE de extinción: Confecciones Deus con despedimentos de 20 mulleres de 43, Shivshi 43 despedimentos de 69, e Deus Creaciones 40 de 69. Todas situadas no polígono industrial de Ordes.

Este movemento de protesta na rúa foi apoiado pola asociación de comerciantes da zona, así como por todos os comerciantes da vila que como xesto de apoio pecharon os seus establecementos, tamén tiveron o apoio dos sindicatos, parlamentarios de distintos grupos políticos e do alcalde.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten pensado o Goberno galego desenvolver un plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 13:19
Nº Rexistro: 7430
Data envio: 31/03/2017 13:19:39.691

Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2017 13:16:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/03/2017 13:16:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 7867(10/POP-001025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7867
Data envio: 10/04/2017 17:35:57.603

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a se o goberno galego vai permitir a autorización de venda dos activos hidroeléctricos do río Xallas

Despois dun longo período de incerteza no que o grupo Ferroglobe declarou publicamente a súa intención de vender as centrais hidroeléctricas que explota no río Xallas, intención que mesmo comunicou á bolsa, puidemos coñecer o pasado domingo 9 de abril de 2017 novos feitos que confirman a súa intención. Deste xeito, coñeceuse o preacordo asinado o sábado 8 de abril entre a empresa e os sindicatos UGT-FICA, Industria CC.OO, USO e SU que consiste nun denominado Plan Industrial 2017-2025 fundamentado na especulación e venda dun recurso do pobo galego. Na propia nota de prensa enviada por Ferroglobe instaban á administración "*para que apruebe con la máxima diligencia todas las autorizaciones necesarias para poder acometer el Plan*" e que para enfrontar o teórico investimento "*precisa de fondos extraordinarios que solamente pueden provenir de la venta de los activos hidroeléctricos que actualmente posee el Grupo y que han dejado de tener su sentido original y con ello su carácter indispensable*". Alén disto, diferentes declaracións por parte da empresa indicaron que nos seguintes días presentarían unha proposta á Xunta de Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7867
Data envio: 10/04/2017 17:35:57.603

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os traballadores e traballadoras de Cee-Dumbría e o seu comité de empresa rexeitan de forma unánime o acordo de elites asinado en Madrid. Non en van, cómpre recordar que máis 75% dos delegados e delegadas sindicais de toda Galiza nas diferentes empresas da multinacional están en contra do proceso de venda das centrais, contando ademais co apoio de alcaldías e da veciñanza das comarcas afectadas. Cómpre tamén recordar que Ferroatlántica explota as centrais a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte, que ten recibido grandes beneficios desta situación e que a cambio ten aplicado un modelo de explotación absolutamente neocolonial no que esquilma os nosos recursos a cambio de cero investimentos na modernización da empresa e a cambio de incumprir sistematicamente todos os acordos de creación de emprego, polo que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeita toda credibilidade por parte das cuestións referidas por Ferroglobe e entende que o que se agocha é unha operación de desmantelamento e o financiamento dunha empresa privada con base nos nosos recursos colectivos a cambio de promesas baleiras.

O Parlamento aprobou xa a comezos do ano 2016 por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación entre actividade industrial e explotación eléctrica, tal como ademais ten ditaminado tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza coma o Tribunal Supremo. Diante dos novos acontecementos coñecidos desde outubro de 2016 e diante da falta de claridade por parte da Xunta de Galiza e a situación de incerteza, a mobilización social e política trouxo de novo ao Parlamento Galego esta cuestión e na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 2 de decembro de 2016, adoptáronse acordos na mesma liña. Polo tanto, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que o goberno galego debe manter a negativa a autorizar a venda das centrais hidroeléctricas salvagardando un recurso fundamental para o desenvolvemento da comarca e que non hai razóns para manter outra posición.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7867
Data envio: 10/04/2017 17:35:57.603

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai permitir o goberno galego a autorización de venda dos activos hidroeléctricos do río Xallas?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2017 16:51:04

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2017 16:51:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2017 16:51:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7867
Data envio: 10/04/2017 17:35:57.603

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2017 16:51:12

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2017 16:51:14

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2017 16:51:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 3676(10/POP-000435)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización antes do ano 2018 dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 13:56
Nº Rexistro: 3676
Data envio: 18/01/2017 13:56:45.386

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno,** sobre o cumprimento do Plan Estratéxico 2012-2018 da Cidade da Cultura.

A política cultural de lóxica neoliberal que os sucesivos gobernos conservadores levaron a cabo, deixaron ó longo do noso país varios "aeroportos sen avións da cultura", sendo o exemplo de cosmopolitismo espectacular que é a Cidade da Cultura o máis característico.

Neste tipo de actuacións, o cálculo do custo en relación aos usos sociais é abandonado en función duns supostos impactos indirectos e un beneficio no intanxible da marca de rexión. Con todo, estas infraestruturas pronto se revelaron caras de xestionar, imposibles de rendibilizar e difíciles de manter, xerando a medio e longo prazo unha imaxe de malgaste e decadencia. Finamente, estes elefantes brancos da cultura, xeran un gran problema de sustentabilidade e amortización, posto que restan recursos presentes e futuros ao noso sistema cultural, á vez que moitas veces son dificilmente reutilizables para outros usos diferentes dos que foron concibidos.

En 2012, puxeron en marcha un plan estratéxico –dun complexo de edificios proxectado no 1999- de cuxo nivel de cumprimento e incumprimento nunca se fixo balance.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta **oral en Pleno:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 13:56
Nº Rexistro: 3676
Data envio: 18/01/2017 13:56:45.386

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Teñen pensado facer un balance sobre a evolución do mesmo antes do 2018, ano no que en teoría remata o citado plan?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/01/2017 13:23:55

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/01/2017 13:24:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 8487(10/PUP-000080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporáneo, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe ou o Centro Dramático Galego, a consecuencia dos recortes levados a cabo no seu financiamento

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8487
Data envio: 28/04/2017 21:26:54.312

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á mellora das subvencións aos concellos para a contratación de persoas perceptoras da renda de inclusión.

Xustificación da Urxencia.

Cando estamos a punto de celebrar o Día das Letras Galegas, non podemos esquecer a situación na que se atopan o conxunto de artes, incluídas as escénicas que se desenvolven en Galicia, a nosa cultura en tódalas súas expresións están sendo atacadas pola inanición á que son sometidas polo Goberno Galego, a falta de compromiso coa nosa lingua engádese a falta de compromiso por tódalas nosas expresións culturais.

O sector cultural galego esmorece, cando o noso tecido cultural, as artes vivas galegas, poderían ser un motor da nosa economía pero sobre todo do noso sentido de pobo, esmorece pola falla de investimento público, pola destrución dirixida dende a Xunta de institucións e mecanismos que foron construídos dende a creación da nosa autonomía. Son os gobernos de Feijoo os que menos teñen apostado polas nosa cultura en tódalas súas liñas de expresión, incluíndo a redución dos compromisos orzamentarios das institucións culturais pública

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8487
Data envio: 28/04/2017 21:26:54.312

galegas é o momento de mudar o modelo, de comprometerse orzamentariamente coa nosa cultura, de evitar fugas innecesarias como o desvío de fondos da cultura galega ao Mausoleo do Gaias.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Que mecanismos ten pensado habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan por exemplo o CGAC, Centro Coreográfico Galego, CGAI ou o CdG, froito dos recortes executados sobre estas entidades?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 21:24:40

Antón Sánchez García na data 28/04/2017 21:24:44

Carmen Santos Queiruga na data 28/04/2017 21:24:51

Paula Vázquez Verao na data 28/04/2017 21:24:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/04/2017 21:25:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2017 10:00
Nº Rexistro: 8487
Data envio: 28/04/2017 21:26:54.312

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/04/2017 21:25:07

Eva Solla Fernández na data 28/04/2017 21:25:10

Luca Chao Pérez na data 28/04/2017 21:25:12

Paula Quinteiro Araújo na data 28/04/2017 21:25:15

Magdalena Barahona Martín na data 28/04/2017 21:25:18

José Manuel Lago Peñas na data 28/04/2017 21:25:21

Francisco Casal Vidal na data 28/04/2017 21:25:26

David Rodríguez Estévez na data 28/04/2017 21:25:28

Marcos Cal Ogando na data 28/04/2017 21:25:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 8032(10/POP-001041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 9 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación co proceso de recollida de achegas e suxestións para a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8032
Data envio: 18/04/2017 14:27:27.272

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo pasado, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional.

No proceso de elaboración do Plan de espazos e Plan funcional do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra, a Consellería de Sanidade está acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxerencias, etc. tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios dos centos intregrantes do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué valoración fai o Conselleiro de Sanidade acerca do proceso de recollida de aportacións e suxestións para a elaboración do Plan Funcional e o Plan de Espazos do proxecto do Gran Montecelo?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8032
Data envio: 18/04/2017 14:27:27.272

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 18/04/2017 14:25:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 18/04/2017 14:25:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/04/2017 14:25:29

María Ángeles Garcia Míguez na data 18/04/2017 14:25:38

Marta Rodriguez Arias na data 18/04/2017 14:25:47

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 18/04/2017 14:26:00

María Soraya Salorio Porral na data 18/04/2017 14:26:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/04/2017 14:26:17

Raquel Arias Rodríguez na data 18/04/2017 14:26:25

Sandra Vázquez Dominguez na data 18/04/2017 14:26:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.05.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.9 7420(10/POP-000968)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 6 máis

Sobre a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 11:13
Nº Rexistro: 7420
Data envio: 31/03/2017 11:13:56.382

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodriguez, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, Begoña Rodriguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Comité de Empresa de Política Social da provincia da Coruña denunciou perante a Consellería en 2016 a situación de deterioro e abandono dos centros de atención directa (residencias de maiores, centros de menores e CPAD da Coruña), téndose chegado a unha situación alarmante polos recortes de postos de traballo que ameazan a calidade das prestacións e o mantemento dos servizos básicos que se prestan aos usuarios.

O Comité de Empresa realizara unha serie de visitas polos distintos centros para avaliar as condicións de traballo, o estado das instalacións, as demandas do persoal, as carencias dos centros e todas aquelas circunstancias ou factores que puideran influír no traballo diario, na atención aos usuarios e así como na seguridade e saúde. O Comité pretendía así trasladar á Consellería e á opinión pública as deficiencias e necesidades constatadas. Tamén deu conta desta situación á Valedora do Pobo, que deu contestación con data do pasado 9 de decembro de 2016 dando traslado do correspondente informe da Consellería.

Considerando a falta de información por parte da Consellería ao Comité de Empresa, cómpre coñecer a situación actual de cada un destes centros e a asignación das necesarias partidas correspondentes ao orzamento de 2017. A clase de prestación de servizos e as tipoloxías de persoas usuarias esixe ter garantida a súa calidade asistencial.

Por iso formulamos a seguinte pregunta:

Cal é a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 11:13
Nº Rexistro: 7420
Data envio: 31/03/2017 11:13:56.382

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/03/2017 11:03:11

Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 11:03:23

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 11:03:31

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/03/2017 11:03:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2017 11:03:51

María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 11:04:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 11:04:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es